

Programa da proba selectiva para o ingreso na categoría de Facultativo/a especialista de área, na especialidade de Medicina Nuclear

Parte común.

Tema 1. A Constitución española: Principios fundamentais, dereitos e deberes fundamentais dos españois. A protección da saúde na constitución.

Tema 2. Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido. O Parlamento. A Xunta e o seu Presidente. A Administración oública galega.

Tema 3. A Lei Xeral de Sanidade: fundamentos e características. Competencias das Administracións Públicas en relación coa saúde. Dereitos e deberes dos usuarios do sistema sanitario público.

Tema 4. A Lei de saúde de Galicia: o sistema público de saúde de Galicia. Competencias sanitarias das administracións públicas de Galicia. O Servizo Galego de Saúde. A súa estrutura organizativa: disposicións que a regulan.

Tema 5. O Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde: clasificación do persoal estatutario. Dereitos e deberes. Retribucións. Xornada de traballo. Situacións do persoal estatutario. Réxime disciplinario. Incompatibilidades. Representación, participación e negociación colectiva.

Tema 6. O persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde: réxime de provisión e selección de prazas.



Tema 7. Normativa vixente sobre protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: disposicións xerais; principios de protección de datos; dereitos das persoas. A Lei galega 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

Tema 8. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais: capítulos I, II, III e V. Principais riscos e medidas de prevención nas IISS. Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Lexislación sobre igualdade de mulleres e homes: a súa aplicación nos distintos ámbitos da función pública.

Parte específica.

Tema 1. Bases físicas da medicina nuclear. Estrutura atómica. Tipos de radiacións. Formas de desintegración nuclear.

Tema 2. Radiofarmacia e instrumentación. Definición de radiofármaco. Xerador de Mo/Tc. Gammacámaras e tomógrafos PET.

Tema 3. Efectos biolóxicos da radiación. Magnitudes e unidades radiolóxicas. Medidas fundamentais de protección radiolóxica.

Tema 4. Exploracións de tiroide: patoloxía tiroidea benigna. Cancro diferenciado de tiroide. Aplicacións de rTSH (TSH recombinante).



Tema 5. Tratamento metabólico en tiroide: hipertiroidismo e carcinoma diferenciado de tiroide.

Tema 6. Exploracións paratiroideas: diagnóstico de hiperparatiroidismo.

Tema 7. Exploracións en patoloxía suprarrenal. Estudos de córtex suprarrenal con ^{131}I colesterol. Estudos de medula suprarrenal con ^{131}I MIBG.

Tema 8. Tumores neuroendócrinos. Gammagrafía con receptores de somatostatina (octreoscan[®]).

Tema 9. Gammagrafía de glándulas salivares. Refluxo gastroesofágico. Estudos de baleirado gástrico.

Tema 10. Diagnóstico de hemorraxia dixestiva. Detección de mucosa gástrica ectópica. Gammagrafía con leucocitos marcados no diagnóstico de enfermidade inflamatoria intestinal.

Tema 11. Estudos morfolóxicos hepáticos e dinámica hepatobiliar.

Tema 12. Gammagrafía de ventilación/perfusión no diagnóstico de tromboembolismo pulmonar. Estudos de cuantificación pulmonar precirúrxica no carcinoma de pulmón.

Tema 13. Estudo de patoloxía intersticial inflamatoria pulmonar con ^{67}Ga .

Tema 14. Ventriculografía de equilibrio. Valoración da función miocárdica.



Tema 15. Estudos de perfusión miocárdica: SPECT de repouso e esforzo en cardiopatía isquémica. Estudos de viabilidade.

Tema 16. Gammagrafía ósea en patoloxía benigna. Estudo de patoloxía protésica articular (mobilización versus infección). Enfermidade ósea metabólica. Valoración de patoloxía infecciosa e dexenerativa osteoarticular.

Tema 17. Patoloxía ósea tumoral. Tumores primarios e valoración de extensión metastásica.

Tema 18. Estudos morfolóxicos: gammagrafía renal. Estudos funcionais: renograma isotópico (patoloxía obstrutiva e transplante renal).

Tema 19. Cistogammagrafía directa e indirecta: detección de refluxo vesico-ureteral. Urgencias urolóxicas: gammagrafía escrotal.

Tema 20. SPECT de perfusión cerebral en demencia e epilepsia. SPECT cerebral de receptores dopaminérxicos.

Tema 21. Cisternogammagrafía en hidrocefalia e sospeita de fístula de LCR.

Tema 22. Aplicacións de PET en neuroloxía: estudo de epilepsia e diagnóstico diferencial de recidiva tumoral versus radionecrose.

Tema 23. Detección de ganglio sentinela en cancro de mama e melanoma.

Tema 24. Aplicacións con ^{67}Ga e PET en linfomas.

Tema 25. Aplicacións de PET de tumores de cabeza e colo. Aplicacións de PET en carcinoma de tiroide.

Tema 26. Aplicacións de PET en nódulo pulmonar solitario e estadificación de cancro non microcítico de pulmón.

Tema 27. Aplicacións de PET en carcinoma colorrectal.

Tema 28. Aplicacións de PET en melanoma e tumor de orixe descoñecida.

Tema 29. Tratamento de dor ósea metastásica con ^{153}Sm e ^{89}Sr . Sinoviortese radioisotópica con ^{90}Y . Tratamento de linfomas non Hodgkin con ^{90}Y -Ibritumomab (Zevalin[®]). Tratamento de tumores neuroendócrinos con ^{131}I MIBG.

Tema 30. Linfogammagrafía en patoloxía vascular. Diagnóstico de febre de orixe descoñecida con ^{67}Ga . Estudos de volemia e masa eritrocitaria con ^{51}Cr .

Tema 31. Perspectiva de xénero. Saúde e xénero. Morbilidade diferenciada. Violencia de xénero: prevención, detección e actuación por parte dos/das profesionais do Servizo Galego de Saúde

Nota:

Parte común: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 2 de xullo de 2025, pola que se convoca

concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área (Diario Oficial de Galicia núm. 128 de 7 de xullo).

Parte específica: Esta información procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 19 de setembro de 2016, pola que se aproban os temarios da parte específica que rexerán nas probas selectivas para o ingreso como persoal estatutario fixo de diversas categorías de persoal licenciado sanitario e de xestión e servizos deste organismo (Diario Oficial de Galicia núm. 185 de 28 de setembro), agás o tema 31 engadido, que procede da publicada no anexo II da resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do 2 de xullo de 2025, pola que se convoca concurso-oposición para o ingreso en diversas especialidades da categoría de facultativo/a especialista de área (Diario Oficial de Galicia núm. 128 de 7 de xullo).